

I PREMIO UDC AOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO E MÁSTER EN COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

Oficina de Cooperación e Voluntariado

Antecedentes

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da Universidade da Coruña (UDC) vén facendo nos últimos anos un importante esforzo para darlles pulo na UDC ás actividades encadradas dentro da cooperación e a educación para o desenvolvemento, ademais de para dar a coñecer e promover a Axenda 2030 e os seus obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS), no marco da súa Planificación estratéxica 2017-2020. Para iso, elabora plans de formación anuais destinados á comunidade universitaria, nos que as ditas temáticas están sempre incluídas. Tamén leva a cabo encontros e talleres prácticos específicos destinados a cada un dos colectivos da comunidade universitaria, co obxecto de lles facilitar formación e dotalos de información e ferramentas en cooperación e educación para o desenvolvemento, así como informa sobre as convocatorias existentes en cooperación universitaria e educación para o desenvolvemento.

O traballo que desenvolve a OCV busca favorecer o compromiso solidario da comunidade universitaria da UDC cos países empobrecidos do sur global e coa procura de impactos positivos para a transformación da nosa sociedade cara a un mundo máis xusto e equitativo, conscientes dos grandes desafíos globais que afrontamos, polo que instamos a comunidade universitaria da UDC a converterse nun referente en investigación en cooperación e educación para o desenvolvemento. Con este fin, a OCV formou parte desde os seus inicios dos traballos de posta en marcha e consolidación da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), conxuntamente co resto de universidades do sistema universitario de Galicia.

A Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, a través da OCV, quere ampliar a súa contribución, alén das convocatorias de proxectos de coñecemento da realidade, proxectos de coñecemento da cooperación e accións de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social, á transformación local e global, potenciando aqueles estudos e traballos que contribúan a un mellor coñecemento das prácticas enfocadas a un desenvolvemento humano sustentable na nosa contorna e á súa adopción, amais de ao coñecemento e a sensibilización sobre os retos globais.

A dotación total destes premios será de 2400 €, que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 08000806 422D 48002. Exclúense desta cantidade os posibles gastos administrativos relacionados co concurso, coa súa difusión ou coa publicación das obras seleccionadas.

1. OBXECTIVOS

Esta convocatoria ten por obxecto o recoñecemento dos traballos de fin de grao e máster realizados polo alumnado da UDC que se distinguen por ser especialmente relevantes en temáticas relacionadas coa cooperación e a educación para o desenvolvemento, así como coa Axenda 2030 e os ODS.

2. MODALIDADES E DOTACIÓN

Convócanse catro premios distribuídos en dúas modalidades, segundo se indica a continuación:

a) Primeiro e segundo premio aos traballos de fin de grao (TFG) da UDC que mellor integrasen as dimensións da cooperación e a educación para o desenvolvemento humano sustentable nos seus proxectos.

b) Primeiro e segundo premio aos traballos de fin de máster (TFM) da UDC que mellor integrasen as dimensións de comunicación e educación para o desenvolvemento humano sustentable nos seus proxectos.

O primeiro premio de cada modalidade estará dotado con 800 € (sobre os que se aplicará unha retención do 19% de IRPF). O segundo premio de cada modalidade estará dotado con 400 € (sobre os que igualmente se aplicará unha retención do 19% de IRPF).

A Comisión de Avaliación poderá decidir deixar deserto calquera dos premios ou todos eles.

3. REQUISITOS

Poderá participar nesta convocatoria o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Ter superado o TFG/TFM durante o curso 2019/20 na UDC cunha cualificación igual ou superior a 8,5 puntos.

b) Ter elaborado un TFG/TFM sobre estas temáticas:

- **A cooperación para o desenvolvemento e o sistema de cooperación internacional:** actores, instrumentos, financiamento e visións alternativas á cooperación; a cooperación sur-sur e triangular; o desenvolvemento rural; as tecnoloxías para o desenvolvemento humano e a sustentabilidade; a construción da paz; a acción humanitaria e de emerxencia; as crises humanitarias e migracións forzosas; as axendas internacionais do desenvolvemento (eficacia da axuda, financiamento do desenvolvemento etc.); o xénero en desenvolvemento; os modelos alternativos de desenvolvemento etc.
- **A educación para o desenvolvemento e a cidadanía global:** deseño de campañas e outras actuacións en calquera das dimensións da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global; debates entre educación e cambio social; outros modelos de educación crítica.
- **A Axenda 2030 e os ODS:** traballos ou proxectos relacionados co desenvolvemento e a implementación da Axenda 2030 e os 17 ODS, e coa súa posible capacidade de transformación.

4. INCOMPATIBILIDADES

Os premios que se establecen nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

5. AVALIACIÓN

A Comisión de Avaliación terá en conta os seguintes criterios á hora de asignar os premios:

a) A afinidade coa temática da cooperación e a educación para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030, que se considerará requisito imprescindible.

b) A orixinalidade do tema, a súa achega ao ámbito da cooperación e a educación para o desenvolvemento ou a un ou varios dos ODS, alén da posible aplicación práctica do proxecto.

c) A integración de contidos pluridisciplinares.

d) Os fundamentos do marco teórico e a metodoloxía.

e) A estruturación do traballo e a súa claridade expositiva.

6. REQUISITOS

Pode presentar a súa candidatura a estes premios o estudiantado da UDC que defendese o seu TFG/TFM no curso académico 2019/20. A candidatura suporá outorgarlle permiso á OCV para a publicación do traballo con que se presente, de así se decidir, na forma de memoria, unha vez revisado de acordo coas indicacións da Comisión de Avaliación.

7. SOLICITUDE, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN

As persoas candidatas deben cubrir o formulario que se achega con estas bases, e que, así mesmo, estará dispoñible na páxina web da OCV, co enderezo web www.udc.gal/ocv. De preferencia, farana chegar á Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación por medio do rexistro electrónico da UDC, desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria até o 8 de novembro de 2020. De calquera xeito, tamén poderán presentar a súa solicitude presencialmente nos seguintes lugares:

- a) Rexistro Xeral da UDC: Reitoría, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña
- b) Rexistro Auxiliar da Coruña: Facultade de Ciencias, campus da Zapateira, 15071 A Coruña
- c) Rexistro Auxiliar de Ferrol: Edificio de Apoio ao Estudo, campus de Ferrol, 15403 Ferrol

Así mesmo, poderán enviar a súa candidatura por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou a norma que o substitúa. No caso de que a persoa solicitante entregue a documentación nun rexistro distinto ao da UDC, deberá informar disto a Comisión de Avaliación, para o que enviará un correo ao enderezo ocv@udc.gal co asunto «I Premio UDC aos Traballos de Fin de Grao e Máster en Cooperación para o Desenvolvemento».

Deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) **Memoria publicable do traballo (TFG ou TFM):** memoria dun máximo de 20 páxinas e 5000 palabras. Na elaboración desta memoria publicable, recoméndase centrarse no aspecto ou contido fundamental e máis orixinal ou máis logrado do traballo. Deberá incluír os datos de identificación (autoría, título do traballo, titulación), un resumo (< 250 palabras), unhas conclusións (< 350 palabras) e unha bibliografía que non supere as 20 referencias (todas elas citadas no texto).
- b) **Versión íntegra do TFG/TFM que se someteu a defensa na correspondente convocatoria.**

De non dispor do TFG/TFM en formato PDF, é dicir, se o traballo está integrado por materiais audiovisuais, maquetas etc., entregarase no formato orixinal, acompañado dunha memoria descritiva dun máximo de 3000 palabras, directamente ou mediante envío postal á OCV, que conta cos seguintes enderezos:

- a) A Coruña: Facultade de Socioloxía, andar 1.º, Campus de Elviña, 15071 A Coruña.
- b) Ferrol: Centro Cultural Universitario, andar 1.º, Campus de Esteiro, 15403 Ferrol.

Rematado o prazo de presentación de candidaturas e revisadas as solicitudes, a OCV fará pública a listaxe provisional daquelas admitidas e, de ser o caso, das non admitidas, cunha indicación das razóns da posible exclusión, no taboleiro electrónico da UDC. As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días para corrixir as deficiencias que se sinalen, transcorrido o cal se publicará a listaxe definitiva.

8. COMISIÓN DE AVALIACIÓN E PRAZO PARA A RESOLUCIÓN

Os traballos serán avaliados por unha comisión constituída pola persoa titular da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, Pilar García de la Torre, ou a persoa en que delegue, que actuará como presidente/a; unha persoa experta en cooperación e educación para o desenvolvemento, Belén Fernández Suárez, membro do PDI da UDC, como vogal, e a persoa encargada da dirección da OCV, José Jesús Cendán Verdes, como secretario.

Así mesmo, a Comisión de Avaliación poderá solicitar un informe científico-técnico previo a persoa/s experta/s na rama de coñecemento científico (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, Enxeñaría e Arquitectura) en que se encadre a temática do traballo.

O labor da Comisión de Avaliación rexeráse polos criterios recollidos no punto 5 destas bases. A súa resolución será publicada na web da UDC e comunicada individualmente por correo electrónico ás persoas participantes.

9. PUBLICACIÓN DOS TRABALLOS

A OCV poderá, coa colaboración do Servizo de Publicacións, publicar en liña unha colección dotada de ISBN cos traballos premiados. Con este obxectivo, as persoas autoras dos ditos traballos comprométese a entregar á OCV os orixinais no formato editable (texto, imaxe etc.) que lles sexa solicitado e a atender as indicacións de revisión que lles faga chegar a Comisión de Avaliación.

Os ficheiros dos traballos que non resulten premiados serán eliminados pasado o prazo de tres meses desde o día en que se dea a coñecer a resolución deste premio.

10. PUBLICIDADE

Os premios serán entregados durante un acto público organizado pola OCV. As persoas gañadoras aceptan a difusión do seu nome e da súa imaxe, de ser o caso, nas comunicacións de carácter informativo ou divulgativo realizadas pola UDC.

11. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXP), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a súa concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é conceder o I Premio UDC aos Traballos de Fin de Grao e Máster en Cooperación para o Desenvolvemento. Todas as persoas que tiveren acceso a estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos, na resolución correspondente, no taboleiro de anuncios da OCV e nos seguintes enderezos web: www.udc.gal/ocv; <https://sede.udc.gal/>, na forma prevista na disposición adicional 7.^a da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada 30 naturais e será responsabilidade do suxeito convocante retirar esa resolución despois de vencer o prazo.

Os datos mencionados trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria, e conservaranse debidamente bloqueados para os efectos da posible esixencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, consentimento que terá dereito a retirar en calquera momento, sen efectos retroactivos. Tamén terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Igualmente terá dereito a se opor ao citado tratamento, ben como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu documento de identidade. Así mesmo, poderá dirixir esta solicitude directamente ao delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Igualmente, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A Coruña, 23 de setembro de 2020

A vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

ANEXO I

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

NOME E APELIDOS:



NIF/NIE:

CORREO ELECTRÓNICO:

TELÉFONO:

Título do traballo:

Data defensa traballo (dd/mm/aaaa)

Certificación recibida

Titoría/s do traballo (nome e apelidos)

Rama de coñecemento

- | | |
|--------------------------|------------------------------|
| <input type="checkbox"/> | Arte e Humanidades |
| <input type="checkbox"/> | Ciencias |
| <input type="checkbox"/> | Ciencias da Saúde |
| <input type="checkbox"/> | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| <input type="checkbox"/> | Enxeñaría e Arquitectura |

Como autor/a dun TFG ou TFM, presento a miña candidatura a estes premios, despois de ter enviado toda a documentación requirida nas bases ao correo-e ocv@udc.gal

(sinatura)

Atte. Sra. Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación